

Román RAÑA

Todo o corpo no sul

Escríbeme un poema, dámelo un bico.
Que linda estás no palco da verbena
cos teus ollos encendendo toda a escena
e eu sinto un gozo que inda non me explicó.

Vaiamos para afora, entón eu fico
ledamente mirando a luz obscena
nos cabelos que o vento desordena.
O vento é un país que versifico.

Eu sería de trigo se cantase,
Escoita ben, o amor está nos grilos,
detrás das azoteas, entre o iodo.

un oasis azul se te beixase...
Os paraísos hai que compartilos,
esta mollada vida, o mundo todo.

Outros idiomas me falaron

De pronto contemplamos a película,
na penumbra de prata o desvarío,
prisioneiros do escote da febrícula,
único mundo vivo e lucidío;
na rapidez do fondo da cuadrícula
miramos un bandido fuxidío,
no automóbil o brillo da matrícula,
un gánster que dispara un son sombrío,
alguén que escapa na paisaxe agrícola,
un avión que o persegue en desafío,
un astronauta, un dolmen, un terrícola,
un macaco que fala e o amorío
dunha parella espida nun estío
ardendo pola praia coa canícula.

Sabedoría da ignorancia

A luz trepa na pel e amañecemos
no aleluia do asfalto e descubrimos
que o mar subiu por nós e até mordemos
a primavera enteira de racimos
que vibran entre os dentes. Si, queremos
áinda ser felices e sentimos
o resplandor nos toldos e nos vemos

nas areas saltando e revivimos
 o que estamos a dar e o que entón demos,
 queimámonos na vida e deducimos
 que unha chama é o único que temos,
 que queremos ficar cando nos imos,
 que queremos vivir no que dicimos,
 que queremos vogar con novos remos.

Mestre Mateus descobre o Aleph

Sei que a vogal a é un muro de cal
 onde un sol branco grava no papel
 a saudade de Gutenberg, o sal
 que se pega por sempre á miña pel.

Voute inscribir na pedra e no metal
 antes de seres a todo o cincel,
 no martelo o precioso mineral,
 no apelido da broca e do broquel,

antes de seres todo o pedernal,
 o musgo que lle medra ao capitel,
 o círculo, o menhir e a espiral,

o ferro que faísca no arandel,
 o eco do cordón umbilical
 no riso do psalterio de Daniel.

A.

Rema a lembranza en min, naquela praia,
 o incendio permanente en que áinda ardo,
 mais tamén a silueta dunha faia,
 as tardes con sabores de anacardo.

Non pudo ser máis que poeta, agardo
 rimas, versos, o lume que se espraiá,
 amo o que vive baixo o olor do nardo,
 na alma só teño a brisa da túa saia.

Hoxe estou sen estar fóra de min
 achándose na elipse do astrolabio,
 lendo estrelas co corazón disperso

arraño a luz do fondo do confín
 más profundo do labio contra o labio;
 amar é estar no centro do universo.

Un libro aberto

Quen sabe se soñei que o sol asoma
polas follas en chamas dun volume
que abría ansioso e todo era de lume
e o latín do verán, o meu idioma.

Quen sabe se soñei que estaba en Roma
e que o sexo queimaba nun perfume,
o escote da laranxa polo nume
e toda a força de Eros nun aroma.

Sentín a miña pel emocionada
polos beixos de Lesbia na memoria.
No ombro tocoume algunha man querida.

Fechei o libro, vin todo no nada.
De pronto a realidade era ilusoria
na doce transición do soño á vida.

Divina Commedia

Entón dixeche: os homes son de Marte.
Andamos na cidade emmarañada.
E queres algo? Non, non quero nada.
O amor estaba alí, nalgúnha parte.

Todos os xestos que vemos, son arte?
Non sei para onde foi a gargallada,
pensaba que o teu nome era unha espada.
Escribir un poema é como amarte.

O chan fosforecía, por costume.
Eu búscote nas luces dos retratos.
Non me custa traballo entrar na pel

doutra persoa. O amor é como un lume
que prende nos pronomes e arrebatos.
A muller é de Venus, dixo el.